

PROTOCOLO SOBRE O USO DA TARXETA SANITARIA “AA”



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE



autismoGALICIA



Protocolo de uso sobre tarxeta sanitaria “AA”

Data de elaboración: 30 de marzo de 2015.

Revisión: 15 de decembro de 2017.

Autor: Área de Saúde.
Federación Autismo Galicia.

Colabora: Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade.
Consellería de Sanidade.
Xunta de Galicia.




Que é a Tarxeta sanitaria “AA”?

Trátase dunha tarxeta sanitaria ordinaria na que figura a lenda AA, que significa **Acompañamento e Accesibilidade**.

O seu **obxectivo** é facilitar o acceso das persoas afectadas por estas doenzas ao sistema sanitario, así como o dos seus acompañantes. **Esta tarxeta é unha medida para garantir a calidade da atención do servizo adaptándoo ás necesidades que as persoas con TEA poden manifestar.**

Téntase minimizar, na medida do posible, as esperas nas consultas dos centros de saúde ou consultas externas así como permitir aos acompañantes ou cuidadores o acompañamento permanente durante a asistencia sanitaria, salvo que algunha circunstancia clínica grave o impedisese.

Para distinguir aos pacientes que dispoñen desta atención preferente, na súa tarxeta sanitaria constará a lenda “AA” na esquina superior esquerda.



Usos da Tarxeta sanitaria “AA”

Que debemos saber sobre o uso da Tarxeta sanitaria “AA”, como debemos facer uso dela e cales son as súas limitacións.

• Consultas

Ao solicitar a cita de xeito presencial ou por teléfono (a través de internet non existe a opción dado que non existe un rexistro individual de pacientes con TEA) * **indicarase sempre ao persoal administrativo que se é beneficiario da Tarxeta sanitaria “AA”** para obter un horario preferente, **(por exemplo elixindo a primeira ou última hora)**, e evitar as esperas en lugares colectivos que poidan alterar ao paciente, interrompendo o mínimo posible o funcionamento normal do centro. A continuación o centro de saúde ou hospital activará o protocolo correspondente para ofertar un horario preferente e respectará, na medida do posible, os horarios establecidos para minimizar o tempo de espera.

* En calquera caso o facultativo pode valorar dar prioridade a outro paciente ante a urxencia clínica, debendo respectarse esta decisión.

É importante ter en conta que na sala de espera pode haber outros pacientes con patoloxías que precisen atención específica e non posúan a Tarxeta sanitaria “AA”.



- **Urxencias:**

A accesibilidade preferente establecida na Tarxeta sanitaria “AA” pode quedar suspendida nas Urxencias pola natureza deste servizo. Nestes casos, prevalecerán os criterios clínicos aplicados polos facultativos en función da urxencia e gravidade da situación, tanto do paciente beneficiario da Tarxeta sanitaria “AA” como do resto de pacientes

Aínda así, débase especificar ao persoal a condición de usuario de Tarxeta sanitaria “AA”, de xeito que o centro poida activar o protocolo de atención preferente na medida en que os médicos o consideren axeitado.

- **Probas:**

Na realización de probas ou outros procedementos médicos, o paciente beneficiario da Tarxeta sanitaria “AA” poderá estar acompañado como mínimo por unha persoa cuidadora , salvo que unha circunstancia clínica o impida.



Que facer cando...

Non consta na cita que o paciente sexa beneficiario da Tarxeta sanitaria AA ,ou o centro de saúde descoñece a Tarxeta sanitaria “AA” ,ou denégase a atención preferente ao beneficiario da Tarxeta sanitaria “AA”, etc...

Calquera incidencia deberá comunicarse a través do servizo de atención ao paciente do centro onde reciba a asistencia.



Solicitud da Tarxeta sanitaria “AA”

Para solicitar a Tarxeta sanitaria “AA” débese cumprimentar un formulario como o modelo presente na seguinte páxina e entrégalo no centro de saúde pertinente xunto coa tarxeta sanitaria ou documento de prestación de asistencia sanitaria que o paciente viña empregando.

O SERGAS ten un apartado na súa páxina web con toda a información sobre a Tarxeta sanitaria “AA”, o que é, a quen está dirixida e como obtela. Visitar o seguinte enlace (https://www.sergas.es/Tarxeta-sanitaria/Documents/17/Instrucion_18-12_aplicacion_ampliada.pdf) para máis información ou na páxina web de Federación Autismo Galicia, (Autismo, documentación, guías)



Modelo de solicitude da Tarxeta sanitaria "AA"

Anexo I - Documento de solicitude

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA SOLICITUDE TARXETA SANITARIA OU DOCUMENTO DE PRESTACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA "AA"

Paciente/Pai/Nai/Representante legal/Gardador/a de feito (fáchese o que non proceda).

Don/Dona.....

Con DNI/NIE/Pasaporte n°.....

Solicita a Tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria "AA" de

Don/Dona.....

Con CIP.....

- ✓ No momento de entregar a solicitude identificarase co DNI, NIE, Pasaporte.
- ✓ Deberá acreditar a condición de pai/nai/representante legal co: Libro de Familia ou documento de incapacidade xudicial do representado onde conste o seu nomeamento.
- ✓ No caso de ser o/a gardador/a de feito declara que ten baixo a súa garda e coidado ao/a doente anteriormente citado/a pólas razóns que a continuación se expresan:.....
- ✓ Deberá entregar a tarxeta sanitaria do doente.

Sinatura..... Data.....

A cubrir polo Servizo administrativo do centro de saúde de

O/A doente consta que ten Asistencia Sanitaria: SI NON

Sinatura e selo do centro..... Data.....

O servizo administrativo do centro de saúde comprobará os datos e, se o paciente:

- ten dereito á asistencia sanitaria pola súa condición de asegurado/beneficiario recoñecido pola Seguridade Social, consultando a base de datos do Sistema Nacional de Saúde (SNS) ou
- se recibe a prestación da asistencia sanitaria polo Servizo Galego de Saúde sen ter a citada condición.

A cubrir polo facultativo do doente:

Dr/Dra.....

con CNP.....

informa que D/Dona.....

polo seu diagnóstico, é aconsellable que teña unha accesibilidade preferente e un acompañamento constante nas atencións sanitarias que precise.

Sinatura e selo..... Data.....

INSTRUCCIÓN 18/12



Federación Autismo Galicia

Rúa Home Santo de Bonaval, 74
Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365
www.autismogalicia.org
E-mail: info@autismogalicia.org